



**“BASES PARA A PROVISION DO POSTO DE XERENTE DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACION DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO”.**

**B A S E S**

***1. Obxecto da convocatoria***

Esta convocatoria ten por obxecto a selección, de acordo cos principios de igualdade, obxectividade, mérito e capacidade, en virtude do artigo 13 do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado pola Lei 7/2007, do 12 de abril, para a contratación mediante Contrato Especial de Alta Dirección do posto que se relaciona:

*Denominación do posto:* Xerente do Consorcio de Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

*Réxime laboral:* Contrato laboral de carácter especial de alta dirección ao amparo do previsto no Real Decreto 1382/1985, de 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección.

*Retribucións:* As reguladas no Orzamento do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento (2016: 32.235,40 €/anuais).

A persoa titular da xerencia terá a consideración de persoal funcionario ou laboral de alta dirección de acordo co establecido no artigo 104 da Lei 7/1985, de bases de réxime local e demais normativa de función pública.

*Funcións:* As atribuídas nos Estatutos do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, aprobados mediante Decreto 19/2009, do 5 de febreiro, modificado polo Decreto 136/2010, do 5 de agosto, polo que se aproba a constitución do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento e os seus estatutos e concretamente no artigo 18, que dispón:

A xerencia é o órgano a que corresponde realizar a xestión ordinaria, é dicir, a técnico-administrativa, dos asuntos de competencia do consorcio, baixo a inmediata dirección e dependencia da presidencia. A persoa titular da xerencia terá a condición de persoal directivo, funcionario ou laboral de alta dirección, de acordo co establecido na normativa de función pública.

**2. Serán funcións da xerencia:**

- a) Dirixir, xestionar os servizos e resolver os asuntos que se lle asignen.
- b) Elaborar e presentar o anteproxecto de orzamentos, que se presentará para a súa aprobación á comisión executiva o máis tardar o primeiro día hábil de setembro



- do ano anterior ao de vixencia do devandito orzamento. Elaborar e presentar os plans de actuacións e o programa de necesidades do consorcio.
- c) Prestar asistencia técnica aos órganos colexiados do consorcio.
  - d) Emitir informe sobre os asuntos que deban tratarse nas sesións dos órganos colexiados do consorcio.
  - e) Exercer a dirección do persoal ao seu cargo, baixo a dependencia da presidencia así como propoñer as reformas que supoñan unha mellora do funcionamento, das dependencias e servizos.
  - f) Instruír os expedientes para adquisición de material e realización de obras de mellora e mantemento do servizo, así como os demais que se refiren ao funcionamento do consorcio.
  - g) Propoñer á presidencia do consorcio os pagamentos que deban realizarse.
  - h) Elaborar as estatísticas de actividades realizadas, así como a memoria anual acerca do funcionamento, custo e rendemento dos servizos ao seu cargo, propoñendo as modificacións encamiñadas a unha maior eficacia do servizo.
  - i) Asistir ás sesións dos órganos colexiados con voz e sen voto.
  - j) As demais funcións que o pleno lle encomende.

## **2. Requisitos dos aspirantes**

2.1. Segundo determina a Disposición adicional vixésima, punto 5 da lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, participar nesta convocatoria aqueles/as interesados que teñan a condición de funcionario de carreira ou laboral fixo da Xunta de Galicia ou da Deputación Provincial de Lugo, e reúnan os requisitos que se relacionan no apartado 2.2 seguinte.

No caso de resultar deserta esta convocatoria, estarase ao establecido na Base 12<sup>a</sup>.

2.2. Para seren admitidos neste proceso selectivo os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, Lei 7/2007, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a respecto do acceso ó emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión dunha titulación superior universitaria de: licenciado/a ou graduado/a en enxeñería, administración e dirección de empresas, dereito, ciencias políticas e da administración, ciencias económicas ou empresariais ou equivalentes.

A estes efectos a equivalencia das titulacións deberá ser acreditada mediante certificación expedida pola administración competente na materia.



- d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto á que aspira, non padecer enfermidade nin estar afectado por ningunha limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- e) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario do que estivese separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- f) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes.

### **3. Presentación de solicitudes, lugar e prazo**

3.1. As persoas que desexen tomar parte nesta convocatoria deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ao Presidente do Consorcio Provincial de Lugo. A instancia conterà, polo menos, os datos persoais do solicitante co seu enderezo e a denominación do posto ó que opta e declaración responsable de que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na data en que remate o prazo de presentación de instancias.

No Rexistro xeral do Consorcio Provincial de Lugo e no Rexistro xeral da Deputación facilitaráselles ós interesados o modelo de solicitude, que tamén se pode descargar na páxina web do Consorcio, na seguinte dirección [www.salvamentolugo.org](http://www.salvamentolugo.org) e na páxina web da Deputación, na seguinte dirección [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org) (modelo 921.001) (modelo 921.001)

No caso de equivalencia ou homologación de titulacións esta deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas.

3.2. A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro do Consorcio sito no Pazo Provincial (Rúa San Marcos s/n, Lugo), en horario de 8.30 a 14.000. de luns a venres e de 9.00 a 13.00 horas os sábados, ou ben de calquera das formas establecidas no art. 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Neste caso deberá remitirse a solicitude rexistrada por Fax ao seguinte número: 982 260 268, antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

O domicilio que figure nas instancias considerarase como o único válido para os efectos das notificacións e serán responsabilidade do/a aspirante tanto os erros na súa consignación como a comunicación de calquera cambio.



3.3. Os interesados deberán achegar á solicitude antes de rematar o prazo de presentación de instancias, en orixinal ou fotocopia compulsada:

- a) Fotocopia do DNI ou tarxeta acreditativa expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios
- b) Título académico requirido.
- c) Currículum vitae con fotografía, facendo constar cantos méritos estimen oportunos.
- d) Documentación acreditativa dos méritos que aleguen. De non achegarse no prazo indicado no apartado 3.4, non serán valorados en ningún caso polo tribunal cualificador.
- e) Proxecto directivo, adecuado ao perfil e funcións do posto de traballo a desenvolver, que conterá como mínimo referencia á normativa, ao ámbito de actuación do servizo de intervención en emerxencias dependente do Consorcio, ás actividades de control relacionadas coa xestión funcional e operativa do servizo, e ás actividades relacionadas coa dirección e xestión administrativa dos servizos prestados polo Consorcio. O proxecto non poderá superar os 20 folios de extensión, a dobre espazo a unha soa cara, coa letra Arial tamaño 11.

3.4.—O prazo para presentar as solicitudes será de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP).

3.5.—Os aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude e, cando sexa necesario, solicitarán as posibles adaptacións de tempo e de medios para realizar os exercicios.

3.6.—Os aspirantes quedan vinculados ós datos que consten na súa solicitude, o que implica coñecemento e aceptación destas bases reguladoras.

3.7.—Esta documentación e os méritos alegados polos participantes deberán presentarse en orixinal ou fotocopia compulsada.

#### ***4. Publicidade da convocatoria***

O anuncio da convocatoria do presente proceso selectivo publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na páxina web do Consorcio e da Deputación Provincial. Os sucesivos anuncios deste procedemento na páxina web do Consorcio e da Deputación Provincial de Lugo.

#### ***5. Admisión de aspirantes***

5.1. Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias á Presidencia do Consorcio ditará resolución, no prazo máximo de tres días hábiles, declarando aprobada a relación de admitidos e excluídos e especificando, no seu caso, os motivos de exclusión, que se publicará na páxina web do Consorcio e da Deputación.

5.2. Os aspirantes excluídos ou omitidos disporán dun prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución para poder emendar, no seu caso, o



defecto que motivase a exclusión. No suposto de producírense reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas, aprobar a lista definitiva e ordenar a súa publicación na páxina web da Deputación e Consorcio.

5.3. Contra a resolución do Presidente, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 107 e 117 da Lei 30/92, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/99, do 13 de xaneiro) ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

5.4. O feito de figurar incluído na relación de admitidos non significa que se lles recoñeza ó interesados posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberá ser xustificadas documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen as probas selectivas.

## **6. Tribunal cualificador**

O tribunal cualificador estará integrado polos seguintes membros cos respectivos suplentes:

### Presidente:

Funcionario/a de carreira ou laboral fixo designado pola Deputación

### Secretario:

O secretario-interventor do Consorcio

### Vogais:

Dous funcionarios de carreira ou laboral fixo designado pola Dirección Xeral de Emerxencias

Un/unha funcionario/a de carreira ou laboral fixo designado pola Deputación de Lugo

O tribunal poderá ser asistido por persoal técnico, que poderá participar nas deliberacións con voz pero sen voto.

Para cada un dos titulares designarase un suplente.

O tribunal de cualificación deberá constituírse na data que designe o Presidente, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros, titulares ou suplentes, no que se incluírán presidente/a e secretario/a. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.



A partir da sesión de constitución do tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ó disposto na Lei 30/92, do 26 de novembro, e ás bases reguladoras desta convocatoria.

Os membros do tribunal percibirán as indemnizacións nas condicións recollidas no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

### ***7. Sistema de selección***

Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos para participar na convocatoria, a selección será efectuada polo sistema de concurso-oposición, e constará de tres fases.

A primeira fase, consistirá na valoración dos méritos alegados e do proxecto directivo presentado, ata un máximo de 70 puntos.

A segunda fase, consistirá nunha entrevista persoal, que se valorará ata un máximo de 28 puntos.

A terceira fase, obrigatoria e non eliminatoria, consistirá nunha proba de galego, que se valorará de 0 a 2 puntos.

A valoración das distintas fases do procedemento de selección, cuxa puntuación global non excederá de 100 puntos, realizarase polo tribunal cualificador consonte os criterios que se indican a continuación:

#### ***1ª Fase: baremación da formación e experiencia alegados e avaliación do proxecto directivo acorde co perfil do posto de traballo a desenvolver:***

A puntuación máxima da primeira fase será de 70 puntos, consonte a seguinte distribución:

##### ***1. Formación: máximo de 20 puntos***

###### ***a) Cursos, másters e posgraos***

Valoraranse os cursos, másters ou posgraos, directamente relacionados co posto de traballo a desenvolver, impartidos por centros de titularidade pública ou privada debidamente homologados, a razón de 0,02 puntos por hora, consonte aos seguintes máximos:

- Máster de 600 horas ou máis, en materias directamente relacionadas coas funcións do posto de traballo, ata un máximo de 20,00 puntos.
- Cursos ou posgraos de 150 horas ou máis, en materias directamente relacionadas coas funcións do posto de traballo, ata un máximo de 15,00 puntos.



- Cursos de 30 horas ou máis, en materias directamente relacionadas coas funcións do posto de traballo, ata un máximo de 5,00 puntos
- Cursos de 30 horas ou máis, relacionados indirectamente coas funcións do posto de traballo ou de carácter instrumental ou transversal (informática, linguaxe inclusiva, réxime local, procedemento administrativo, etc.) ata un máximo de 5,00 puntos.

Non se valorarán cursos de duración inferior a 30 horas, nin xornadas, simposios, encontros, seminarios ou similares, estean ou non relacionados directa ou indirectamente co posto.

Por outra titulación universitaria superior distinta da aportada como requisito para acceder ao posto de traballo, nas seguintes carreiras: licenciado ou graduado en Dereito, Ciencias Políticas e da Administración, Dirección e Administración de Empresas, Ciencias Económicas ou Ciencias Empresarias, enxeñerías ou equivalentes, ata 5 puntos.

b) Nivel de galego: máximo 1 punto

- Por ostentar o título de linguaxe administrativa galega, nivel medio: 1,5 puntos.
- Por ostentar o título de linguaxe administrativa galega, nivel superior: 2,00 puntos.

Só se valorará o nivel máis alto, de forma que non se valorarán de forma acumulativa.

## *2. Experiencia: máximo de 30 puntos*

Por experiencia no eido da xestión económica, contratación de bens e servizos, e recursos humanos, 2 puntos por ano ou fraccións superior a seis traballado ata un máximo de 20 puntos.

Por experiencia de intervención en emerxencias (actuacións, xestión, equipos, etc.), 3,00 puntos por ano de traballo ou fracción superior a seis meses, ata un máximo de 25 puntos.

Por experiencia como xerente en consorcios de bombeiros, ou como xerente en entidades xurídico-públicas relacionadas coas emerxencias e salvamento, 4,00 puntos por ano traballado ou fracción, ata un máximo de 30 puntos.

## *3. Proxecto directivo: máximo de 20 puntos*

Valorase a adecuación ao perfil e funcións do posto de traballo a desenvolver, a claridade e rigor no desenvolvemento dos contidos mínimos indicados na Base 3.3.d e nas aportacións do aspirante, a capacidade de síntese, e o respecto do formato e da extensión máxima prevista.



Para acceder á 2ª fase do procedemento selectivo, o/a candidato/a deberá obter cando menos unha puntuación total de 35 puntos na primeira fase. Calquera candidato/a cunha puntuación inferior á sinalada, será declarado NON APTO e excluído/a do procedemento de selección.

A relación coas puntuacións obtidas polos/as aspirantes publicarase na páxina web do Consorcio e da Deputación Provincial, e disporán dun prazo de dous días (2) hábiles, seguinte ao da súa publicación, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

A data para dar a coñecer a resolución de reclamacións e a realización da 2ª fase (proba teórica) publicarase na páxina da Deputación Provincial e do Consorcio.

### 2ª Fase: Proba teórica.

De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dunha proba tipo test de 50 preguntas, con resposta única e con penalización de unha resposta por cada tres contestadas erroneamente, sobre as materias que figuran como Anexo I das presentes bases.

A calificación máxima será de 20 puntos (é dicir 0,40 puntos por pregunta correctamente respostada), debendo de alcanzar un mínimo de 10 puntos para poder continuar o proceso selectivo. O tempo para a realización do exercicio será de 60 minutos.

A relación coas puntuacións obtidas polos/as aspirantes publicarase na páxina web do Consorcio e da Deputación Provincial, e disporán dun prazo dous (2) días hábiles, seguintes ao da súa publicación, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

### 3ª Fase: Entrevista persoal

A puntuación máxima correspondente a esta fase é de 28 puntos.

Os/as candidatos/as deberán presentarse á proba provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

A entrevista versará sobre o proxecto directivo e aspectos relacionados directamente coas funcións do xerente. O Tribunal cualificador realizará aos aspirantes as preguntas que teña por conveniente para avaliar a súa idoneidade para o posto de traballo.

Para acceder á 4ª fase do procedemento selectivo (proba de galego), o/a candidato/a deberá obter cando menos unha puntuación total de 14 puntos na terceira fase. Calquera candidato/a cunha puntuación inferior á sinalada, será declarado/a NON APTO e excluído/a do procedemento de selección.

A relación coas puntuacións obtidas polos/as aspirantes publicarase na páxina web do





Consortio e da Deputación Provincial, e disporán dun prazo dous (2) días hábiles, seguintes ao da súa publicación, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

A data para dar a coñecer a resolución de reclamacións e a realización da 3ª fase (proba de galego) publicarase na páxina da Deputación Provincial e do Consorcio.

#### *4ª Fase: Proba de Galego*

De carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na tradución directa ó idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal.

O exercicio obrigatorio e non eliminatorio sobre o coñecemento do idioma galego cualificarase de cero (0) a dous (2) puntos. Quedan exentos desta proba os aspirantes que acrediten posuír o Celga 4.

### **8. Desenvolvemento do proceso selectivo**

8.1.—A data e mais a hora na que deberá constituírse o tribunal para valorar os méritos e proxecto directivo serán determinados pola presidencia mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos, que se publicará nos na páxina web do Consorcio e da Deputación Provincial, cando menos con dous días hábiles de antelación.

8.2.—Os aspirantes serán convocados para a realización da proba teórica nun único chamamento e quedarán decaídos no seu dereito os que non comparezan, salvo en casos debidamente xustificadas, que resolverá o tribunal.

8.3.—Os aspirantes serán convocados para a realización da entrevista nun único chamamento e quedarán decaídos no seu dereito os que non comparezan, salvo en casos debidamente xustificadas, que resolverá o tribunal.

#### *9.—Resultado do proceso e proposta de contratación*

A puntuación máxima do proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas catro fases, tal e como se establece na base 7.

En caso de empate, a orde establecerase atendendo a maior puntuación obtida na avaliación da experiencia dos candidatos; en caso de persistencia do empate, atenderase á maior puntuación na entrevista persoal.

As puntuacións faranse públicas na páxina web do Consorcio e da Deputación, a fin de que os posibles interesados podan formular alegacións ante o tribunal no seguinte día ao de publicación.

O tribunal formulará proposta de contratación a favor do candidato que obtivese a puntuación máis alta.



### ***10. Achega de documentos***

1. O aspirante proposto achegará, dentro do prazo de 3 días hábiles, contados desde a publicación da puntuación, os documentos acreditativos de capacidade e mais os requisitos esixidos na convocatoria:

- a) Fotocopia debidamente compulsada do título académico esixido para o ingreso
- b) Certificado médico, sen prexuízo dun posterior recoñecemento
- c) Declaración xurada de estar separado do servizo das administracións públicas nin estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente
- d) Número da Seguridade Social
- e) Certificado do número de conta bancaria

2. Quen non presentase a documentación sinalada anteriormente dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non poderá ser contratado.

### ***11. Contratación, cese e extinción da relación laboral***

Ao abeiro do artigo 14 do Consorcio o nomeamento e a formalización do contrato co candidato/a proposto/a polo tribunal correspóndelle á Presidencia do Consorcio.

A actividade a desenvolver como persoal directivo estará suxeita a avaliación conforme aos criterios de eficacia e eficiencia, responsabilidade pola súa xestión e control de resultados en relación cos obxectivos que lle sexan marcados e co cumprimento das funcións que lle corresponden.

O aspirante nomeado queda sometido ao réxime de incompatibilidades establecido na lexislación vixente.

O aspirante nomeado poderá ser removido libremente do seu posto por decisión do órgano competente e, polo tanto, a duración do contrato corresponderase co tempo que transcorra ata o seu cese polo órgano competente.

### ***12. Efectos da declaración de deserto***

No caso de que non se presenten candidatos dentro do prazo, ou ningún dos presentados superase o proceso selectivo, o Tribunal propondrá ao órgano competente a declaración de deserto do procedemento.

Coa publicación da declaración de deserto ditada polo órgano competente, abrírase unha nova convocatoria de presentación de solicitudes de participación polo prazo de 5 días



hábiles, non restrinxida a funcionarios ou laborais fixos da Xunta de Galicia ou da Deputación de Lugo.

A nova convocatoria estará aberta a todas aquelas persoas que reúnan os requisitos establecidos no apartado 2.2 destas Bases, que disporán de 5 días hábiles para presentar as súas solicitudes de participación no procedemento, contados dende o día seguinte da publicación da declaración de deserto e nova convocatoria aberta no Boletín Oficial de Lugo (BOP).

A nova convocatoria rexerese integramente, en todos os seus trámites, polo procedemento indicado nesta Bases.

### ***13. Carácter vinculante das bases***

As bases desta convocatoria vinculan ao Consorcio, o tribunal cualificador e os aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

### ***14. Incidencias***

O tribunal queda facultado para interpretar a base da convocatoria, para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e para adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

### ***15. Réxime xurídico***

O proceso selectivo regularase polo disposto nas bases da convocatoria e no non previsto nestas polo do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, Lei 7/2007, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, polo Real decreto legislativo 781/86, do 18 de abril, e polo Real decreto 364/95, polo que se aprobou o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado, o Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, sobre procedemento de selección na Administración local, a lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e Real Decreto 1382/1985, de 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección.

### ***16. Disposición final***

A convocatoria, a resolución aprobatoria das bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e da actuación do tribunal poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/92, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/99, así como a Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. A Administración provincial tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións do tribunal segundo o previsto na citada Lei 30/1992.

Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante a Presidencia no prazo dun mes contados desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ou ben



directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo dun mes, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados desde o día seguinte da aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a dereito.

Lugo, 6 de setembro de 2016.

O secretario interventor,

José Antonio Mourelle Cillero



## ANEXO I

Tema 1.- O consorcio provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento: obxectivo, ámbito de actuación e órganos de goberno.

Tema 2.- A Lei 5/2007 de emerxencias de Galiza: obxecto e obxectivos

Tema 3.- Os contratos do sector público: normativa vixente e ámbito de aplicación. Clases de contratos e regulación. Disposicións xerais sobre a contratación no sector público.

Tema 3.- A preparación e adjudicación dos contratos polas administracións públicas. A execución dos contratos.

Tema 4.- Os principios orzamentarios básicos. O orzamento e a súa execución. Modificacións orzamentarias.

Tema 5 :- As relacións entre administracións públicas e os principios xerais do réxime dos órganos administrativos.

Tema 6.- Os dereitos dos cidadáns nas súas relacións coa administración pública.

Tema 7.- O procedemento administrativo.

Tema 8.- O réxime xurídico do sector público

Tema 9.- Os convenios de colaboración entre administracións públicas

Tema 10.- A xeografía da provincia de Lugo

Tema 11.- Os plans de emerxencias. Funcionamento do 112

Tema 12.- Mapa de riscos.